

**A CASA DE ROSALÍA,  
A ROSALÍA DA CASA:  
HISTORIA, DISCURSO E  
REPRESENTACIÓN NA CASA-  
-MUSEO ROSALÍA DE CASTRO**

**Helena Miguélez-Carballeira**

Bangor University

doi:10.17075/rcsxxi.2014.012



CONSELLO  
DA CULTURA  
GALEGA



Na primeira sala da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán, o visitante pode contemplar varios cadros pertencentes ao patrimonio familiar. Un destes corresponde a un óleo sobre lenzo co retrato de don Miguel Pardo-Bazán Mendoza, último señor da Torre de Cela, alférez maior e rexedor perpetuo de Betanzos, e avó paterno de Emilia Pardo Bazán. Un dos puntos centrais de interese do cadro, amais do retratado mesmo, é que este está a redactar unha nota. O contido desta nota é o que segue: «Coruña 16 de Febrero 1820. Referente a lo que hemos hablado en nuestra última visita, te repito pondrás cuidado de conservar y mantener todo lo que pertenecía a esa mi casa».

Miguel Pardo-Bazán herda, tras a morte do seu tío paterno, varias casas fidalgas espalladas pola Coruña e Pontevedra. Pódese percibir, tanto no contido como no ton asertivo da súa nota, a función que esta tiña —e por isto, o cadro mesmo— como testemuño fidedigno de propiedade, mais tamén de desexo de preservación perante unha posteridade que, á altura, e co levantamento liberal na Coruña recentemente acontecido, se lle presentaba neboenta. A súa preocupación, que se deixa sentir na expresión ansiosa da posesión da *casa*, non deixa de ter un carácter ominoso, se temos en conta a importancia que a administración do patrimonio inmovible tivo para esta familia, que comeza pola propia viúva de Miguel Pardo Bazán, Joaquina Mosquera Ribera, degolada polo seu segundo marido por mor dunha trama intrafamiliar tecida arredor da administración da herdanza (Grupo de Investigación «La Tribuna» 2011), e remata pola expropiación forzosa en 1938 do Pazo de Meirás á familia Quiroga de Pardo Bazán por parte do franquismo. Vemos, xa que logo, un pronunciamento solemne arredor da casa, pronunciamento que pide para esta unha posteridade segura e suxeita ao desexo do patriarca.

Máis recentemente, e co gallo do sesquicentenario da publicación de *Cantares gallegos* no ano 2013, outra casa insigne, a Casa-Museo de Rosalía de Castro, tornouse tamén en motivo ou escenario de importantes pronunciamentos. Entre estes atópase a Mensaxe de Fin de Ano emitida no día de Noitevella de 2012 polo actual presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo. Os escenarios elixidos para

a Mensaxe de Fin de Ano semella que adquiriron dende 2010 unha función de reactivación simbólica daqueles espazos institucionais que sofren certo desgaste de imaxe no social. Escollendo a Cidade da Cultura en 2010, e a cámara do Parlamento de Galicia en 2011, as mensaxes verbais do presidente da Xunta, que decote adoitan xirar arredor das nocións de unidade social e de solidez institucional, vense así complementadas polo propio material visual, co cal se entende que establece unha relación de cohesión semántica. Porén, a diferenza das mensaxes gravadas coa Cidade da Cultura e co Parlamento de fondo, nas que o presidente non facía referencia explícita ou demorada aos lugares, na mensaxe de 2012 si que abre o seu discurso cunha referencia directa á Casa-Museo de Rosalía de Castro. De feito, a asociación co rosaliano ocupa o primeiro minuto e medio da mensaxe, e fornece, podería argumentarse, o seu fío condutor ata o final. Deste xeito, avánzase ensarillando motivos abstractos paradigmáticos do legado de Rosalía de Castro, como a negra sombra, con afirmacións ás que se lles asigna un certo valor histórico. Destaca, por exemplo, a afirmación de que «a súa negra sombra quedou para sempre como o símbolo da fonda amargura dun tempo no que Galicia aparecía escurecida», na que a propia vaguidade das referencias (a que tempo histórico se está a referir? a que escuridade?), lle permite ao discurso manterse nun plano polisémico, onde predomina o efecto estético ou evocador, mais tamén a ambigüidade, a indeterminación ou mesmo a confusión cronolóxica.

Non é a miña intención neste breve estudo bosquejar unha análise discursiva do contido da mensaxe, malia que un entendemento dela nesta liña, sequera intuitivo, podería axudarnos a comprender as reaccións inequivocamente iradas que sucederon á súa emisión. As máis delas, desenvolvidas en *blogs* persoais ou en artigos de opinión, interpretaban este último episodio de resemantización do legado rosaliano como unha peza máis, dende logo non disonante, na mesta rede de apropiacións e re-apropiacións que conforman a historia do rosalianismo e dos seus usos políticos. Ilustrativa desta expresión do agravio e da necesidade constante dunha sorte de autoprotección foi a resposta publicada polo escritor e investigador Miro Villar no seu *blog As Crebas*. A devandita resposta titulábase «Fóra as vosas sucias mans de Rosalía!», e evocaba, por tanto, o boletín publicado polo Grupo de Comunicación Poética Rompente no 1979, co gallo do ano das letras galegas dedicado á Manuel Antonio (Rompente 1979), durante o cal

pendurou sobre o poeta rianxeiro un perigo similar de asimilación ao aparato culturalizador do conflito nacional e social e Galicia.

Mais outras reaccións dirixíanse directamente á cuestión do status histórico da casa, que ficaba falseado no discurso de Feijóo como a «casa natal» de Rosalía de Castro, e non como a casa de alugueiro na que viviron ela e os seus fillos a partir de 1882 e durante os tres anos antes da súa morte en xullo do 1885. Temos, xa que logo, á máxima figura da política institucional galega participando do capital simbólico do legado rosaliano en Galicia para trasladar, non sen ambaxes retóricas, unha mensaxe arredor da «conxénita» capacidade dos galegos para a resiliencia e a adaptación. Mais, confundindo, se cadra inadvertidamente, a Casa da Matanza por un lugar fundacional da vida e feitos de Rosalía, en troques do lugar das súas múltiples clausuras (a da morte temperá, a da queima de inéditos), a mensaxe de Feijóo participou tamén da propia historia de indeterminación e de lagoas que arrodea a Casa da Matanza, ademais de contribuír a un status simbólico que semella problemático como lugar rosaliano. Vemos aquí un síntoma oposto ao que amosaba a ansiedade de Miguel Pardo-Bazán por deixar fixada a posteridade dunha das súas casas. Pola contra, a Casa da Matanza, desprovista de discursos testamentarios que fixasen a súa proxección ou usos futuros, e durante décadas irreclamada polo propio galeguismo (e poderíase dicir, rosalianismo) da primeira metade do século xx, tivo, e á vista das palabras de Núñez Feijóo segue a ter, unha sorte de historia por omisións. Neste artigo tentarei abordar o asunto da historia da Casa da Matanza dende varias perspectivas, co fin de fornecer máis datos históricos arredor dela que nos permitan contextualizar os propios discursos que se xeraron ao seu redor e que, quizais, expliquen, sequera de xeito tentativo, por que Núñez Feijóo se puido sentir tan cómodo emitindo a súa mensaxe desde este particular escenario rosaliano e, por que, se cadra, podería non ter sido así.

Comezarei por darlle un pouco máis de corpo á suxestión anterior de que a historia da Casa da Matanza pode ser lida como unha historia de omisións. Segundo o relato histórico de Gonzalo Rey-Lama, da Casa da Matanza vense Murguía e os fillos tras a morte de Rosalía de Castro, e non se volve «saber nada dela» ata 1900, ano en que o propietario, consciente de quen foran os seus últimos inquilinos, lle coloca unha placa de mármore na fachada posterior para revalorizala e tentar vendela ao prezo de 25 000 pesetas (Rey Lama 1999: 22). Por volta de 1918, explícanos Rey Lama, as deputacións galegas expresan o desexo de mercar a casa

e o propio Murguía impide a compra polo motivo de que o prezo lle semellaba desmesurado. Topámonos, pois, co primeiro escollo historiográfico arredor da Casa da Matanza como lugar rosaliano. Cabe preguntarse ata que punto pode esta versión ser fidedigna, ou con base a que documentos históricos se constrúe, se consideramos o papel omnipresente, e ata certo punto tamén omnipotente, que Murguía desempeñou no deseño e patentización do legado rosaliano, tamén o simbólico. Poderíamos, xa que logo, conxectar se Murguía tivo outras razóns para non promover ou apoiar a compra da casa por parte das institucións, posición que concordaría co seu celo por deixar fixada para a posteridade unha imaxe concreta de Rosalía de Castro e do que deixou feito. Deste xeito, namentres viviu Manuel Murguía, a Casa ficou fóra da semántica do mito murguiano-rosaliano que el tanto se esforzou en custodiar e consolidar para a posteridade.

Sexa cal for a razón deste primeiro obstáculo á hora de reclamar o uso da Casa da Matanza como lugar rosaliano, o relato oficial dela tende a facer un salto dende finais dos anos vinte ata 1946, ano en que os comerciantes santiagueses Xosé Mosquera Pérez e Xosé Villar Granjel lle mercan a casa á propiedade por 85 000 pesetas para poder finalmente librala do seu uso como improvisado almacén madeireiro e conformar, así, o primeiro Patronato Rosalía de Castro, creado precisamente para recibir a casa en propiedade dos comerciantes e tornala en «Santuario da galegitude» (Eubensei 1995: 81). Este relato, alicerzado no explicado polo propio Mosquera Pérez nunha carta a Otero Pedrayo, datada o 10 de xaneiro de 1947, actúa como momento inaugural da propia historia do Patronato, mais relega a certa escuridade o acontecido na casa —e a través da casa— durante as varias décadas previas ao momento da compra. Temos, por exemplo, como documento tirado destes «anos escuros» da Casa da Matanza, a fotografía do cuarto de Rosalía de Castro que a fotógrafa americana Ruth Mathilda Anderson tirou en 1924. O relato da fotógrafa sobre o estado da casa e como puideron acceder a ela grazas á dona contén algúns detalles interesantes, como, por exemplo, a existencia dun baúl e un escritorio con andel con varias pilas de libros e papeis arrombados, que ninguén reclamou en case trinta anos que pasaran dende a morte da autora. Segundo Anderson, a dona da casa explicoulles que, nin a familia da poeta nin o pobo galego se facían cargo da casa (Anderson 1939: 266), e o estado de desleixo e decrepitude no que estaba levou á fotógrafa a preferir reproducir no seu libro

unha foto anterior da casa, contemporánea á propia estadía de Rosalía de Castro nela, para dar proba dun meirande esplendor.

Non foi ata 1951 que se puido facer a primeira restauración da casa. Esta foi a restauración en que participará Gala Murguía de Castro, xa naquel momento a única descendente viva da familia. Seguindo o relato de Rey Lama, esta foi unha restauración superficial e de cariz conservador, na que se organizou un pouco o xardín (conservando algunhas árbores contemporáneas á autora), se consolidaron a cuberta e o forxado de madeira e se deixou como única entrada da casa a que vén polo camiño paralelo á vía do tren (Rey Lama 1999: 23-24).

Porén, a transformación da Casa da Matanza en Casa-Museo de Rosalía de Castro non sería posible ata o ano 1971, xa cunha segunda xunta de goberno do Patronato, que tiña como presidente o médico santiagués Agustín Sixto Seco, o profesor universitario Carlos Baliñas como vicepresidente e Xosé Filgueira Valverde como primeiro director do museo. As décadas anteriores á conformación desta segunda xunta de goberno caracterizáranse pola invisibilidade e o gradual esmorecemento da casa como lugar rosaliano, esmorecemento que viña determinado en gran parte, e segundo o relato dos propios historiadores da casa, por unha endémica falta de recursos. Serán os acontecementos arredor do tema dos recursos económicos para facer posible a creación da Casa-Museo o que marque os primeiros meses de vida do novo Patronato, cando unha subscrición popular canalizada a través das páxinas de *La Voz de Galicia* posibilita a recadación de aproximadamente un millón e medio de pesetas. Describirei máis adiante os particulares desta subscrición, á que fan referencia os historiadores da casa (Baliñas 1987: 16; Rey Lama 1999: 27), pero arredor da cal se forxou unha certa invisibilidade ou imprecisión. Rey Lama, por exemplo, escribiu que a subscrición fora iniciada polo propio diario *La Voz de Galicia*, cando en realidade se tratara dunha proposta lanzada polo folklorista e coreógrafo Xosé Manuel Rey de Viana durante a cerimonia de entrega do Pedrón de Ouro a Victoria Armesto o 25 de maio de 1970. Referireime de xeito máis pormenorizado aos detalles desta subscrición máis adiante, mais cómpre mencionar neste punto que a petición de achegar recursos para a transformación da casa non atinxía só achegas económicas. Na nova relacionada coa «Casa de Rosalía» o 31 de maio de 1970, a terceira que se publicaba sobre o asunto dende que *La Voz* se fixera eco da proposta de Rey de Viana, pódese ler como, a carón das achegas económicas, o Patronato pedía

tamén que: «las gentes amantes de nuestras cosas, que son más de lo que se supone, [...] colaboren no sólo con donativos en metálico, sino también con aportaciones de muebles y objetos de la época de Rosalía [...]. Todo cuanto pertenezca al tiempo en que vivió aquella insigne figura [y al cual] Ya le buscará acomodo la persona que haya de encargarse de este menester de amueblar y vestir la casa de la Matanza» (*La Voz de Galicia*, 31 maio 1970: 5).


Tal petición pode ser lida como indicio da propia conciencia que o Patronato tiña dos baleiros que axexaban tras do proceso de transformación da Casa da Matanza en Casa-Museo de Rosalía de Castro. Por unha parte, e como acabamos de resumir, a propia historia da casa estivo marcada polo renego, o desleixamento e os ritmos relativamente dilatados da súa adquisición como unha peza de valor fulcral do patrimonio cultural galego; mais tamén pola propia conciencia das lagoas patrimoniais da propia casa, lagoas que ían desde o feito mesmo de que o corpo de Rosalía xa non estaba no cemiterio de Andina e, polo tanto, nos arredores simbólicos da Matanza, ata a ausencia, á altura de 1970, de obxectos pertencentes á autora cos que poder «personalizar» as estancias que en breve se tornarían en museo.

Algunhas das solucións museísticas semellan dialogar con esta conciencia da ausencia determinada pola propia historia da Casa da Matanza. Nos propios materiais textuais e discursivos xerados arredor dela (libros de historia ou antoloxías conmemorativas, biografías de membros do persoal, pés explicativos dos obxectos e salas do museo, discursos de membros do Patronato e actual Fundación, etc.) pódense rastrexar os efectos desta dialéctica entre a necesidade de conformar e amosar un contido, característica inherente do feito museístico, e as carencias —fidedignas ou non— que esburacaban esta necesidade no caso da Casa-Museo de Rosalía de Castro.

Pódese interpretar a densidade coa cal a Casa-Museo ten dialogado coa función mitificadora de parte do rosalianismo como, efectivamente, unha forma de resolver esta conciencia da ausencia. A elección de Filgueira Valverde como primeiro director da Casa-Museo é moi significativa deste respecto, pois o seu rosalianismo bebía, sen dúbida, da tradición mitificadora xa vixente nos anos do Seminario de Estudos Galegos. No seu libro *Con Rosalía de Castro no seu fogar* (1974), Filgueira Valverde vai enfiando un a un os tropos do discurso mitificador rosaliano. Por unha parte, e a través do motivo relixioso do imaxinario do ente-



rro, reitérase o relato mitificado do cadáver «non apodrecido» que se atopou o día da súa exhumación e traslado a Santiago (1974: 10). A seguir, e igualmente participando dun imaxinario cristián, ponse énfase no mito da encarnación da alma galega na figura de Rosalía, imaxe que adoito se utilizaba, coma neste caso, para estereotipar —e desmobilizar— o pobo galego a través do tropo do lirismo étnico: «Temos dito que Rosalía de Castro é como unha encarnación da ialma do seu pobo, e de Galiza pode ben dicirse que é un pobo lírico» (1974: 24). Nas lendas que o visitante puido ler nunha visita á Casa-Museo no verán de 2012, hoxe xa retiradas no proceso de restauración da Casa-Museo, podía percibir o pouso deste discurso. Como explicación, por exemplo, para a chamada «sala das ofrendas», onde se exhibían placas e mementos enviados en loanza da autora dende as comunidades galegas do exterior, o visitante pode ler que [Fig. 1]: «Poucos pobos ó longo da súa historia conseguiron unha identificación tan fonda cunha muller como o galego, Rosalía de Castro soubo calar na alma da xente de tal xeito que o seu espírito permanece inalterable ó paso do tempo, como testemuñan as ofrendas desta sala».



vocabulario cristián da encarnación enraizou tamén noutros discursos adxacentes á Casa-Museo: aqueles concernentes á historia da mestresa da casa, a actriz e declamadora Maruxa Villanueva, que dende 1974 e ata a súa morte en 1998 coidou o Museo e actuaba como guía dos visitantes.

A non escasa literatura que existe arredor da figura de Villanueva conforma, ao meu ver, un corpus de dobre lectura dende o punto de vista dunha historia da Casa-Museo. Por unha banda, bótase de ver que gran parte deste corpus está motivado polo desexo de protección —nalgúns casos, de rehabilitación— dunha figura que aparece indirectamente desloada nalgunha publicación do Patronato, nomeadamente o libro de Carlos Baliñas, onde este fai valer unha versión da súa entrada como coidadora da casa como froito dunha proposta que partiu da mesma muller, e non, como ela reiterou en varias entrevistas recollidas en antoloxías conmemorativas, como un ofrecemento do propio presidente do Patronato, Agustín Sixto Seco, ao cal ela accedera gustosa en 1972 (Dourado Deira 2009: 53). Mais, por outra banda, o ton e cadencia dos textos sobre Maruxa Villanueva alíñanse cos tropos e metáforas propios do rosalianismo mitificador, quer retratando a mestresa como unha reencarnación da poeta (Pociña e López 1999: sen páxina), quer promovendo o duplo «Rosalía-Saudade» que callou profundamente dende a perspectiva da emigración e que fica representado, sobre todo, na sala das ofrendas, hoxe desaparecida. Outras imaxes reiteradas no discurso mitificador que se afianzou a través da Casa-Museo é o da propia casa como «santuario» ou «lugar de peregrinaxe», a onde chegaban visitantes galegos a vivir ou revivir unha emoción. Velaquí un exemplo, tomado dunha estampa relatada por Maruxa Villanueva a Andrés Pociña e Aurora López: «Unha señora de Venezuela pediume unha vez se me podía retirar un momento do cuarto de Rosalía, que quería rezar a Rosalía, que desexaba quedar un ratiño a soliñas con ela. A súa nai era galega, e metéralle no corazón o amor a Rosalía. Eu saín dalí, e alí a deixei falando con Rosalía, chorando, rezando» (Pociña e López 1995: 117).

O imaxinario e vocabulario cristiáns aparecen, por tanto, como unha peza clave no proceso, se non de encher, si acaso de cimentar os ocos que se fixeron patentes no proceso de transformar a Casa da Matanza en Casa-Museo. Estampas como a anterior beben dos propios discursos inaugurais ou textos guieiros da Casa-Museo, como o impartido polo doutor Agustín Sixto Seco na xornada da súa apertura en 1972, no cal describe a casa como o lugar ao cal «Galicia enteira pode vir [...] nunha piadosa romaxe» (Sixto Seco 1972, en Filgueira Valverde 1974: 36), ou cando o propio Filgueira Valverde, quen, na primeira publicación que fixo as veces de guía para os visitantes da casa, convida a entrar no cuarto onde finou a autora, que non conserva obxectos da autora nin reconstrúe a imaxe

do que ela vía derredor ao morrer, «como nunha Capela» (Filgueira Valverde 1974: 43).

Se contraponemos este corpus a aquel formado polos relatos dos visitantes foráneos, abrolla de novo esa conciencia, nalgúns casos mesmo sospeita, da ausencia á cal nos referiamos anteriormente. O primeiro texto neste sentido que puiden identificar aparece no *Dietario* de Pere Gimferrer, publicado en catalán en 1981, e en tradución para o castelán de Basilio Losada en 1984. Nel, o autor dedícalle unha entrada á impresión que lle causou unha visita á Casa-Museo, concretamente a «El cuarto de la poetisa» (1984: 165). A pasaxe comeza coas seguintes frases: «Podemos ver ahora este cuarto. No se trata, desde luego, de un cuarto habitado por alguien; se ha convertido en un museo, en un lugar de peregrinación» (165). Bótase de ver, por tanto, que este visitante percibe como a conciencia da transformación en Casa-Museo operou tamén unha perda. Un ano máis tarde, en 1982, publicaríase *Rosalía no hi era*, de Teresa Pàmies, ao meu ver un texto paradigmático dun dos paradoxos centrais do rosalianismo en canto movemento de perpetuación dun símbolo: aquel que rexe a relación, eu diría que directamente proporcional, entre ubicuidade e superficialidade na representación ou tratamento do seu obxecto referencial, é dicir, da figura e obras rosalianas. *Rosalía no hi era* é o relato dunha procura frustrada, en ocasións tamén irada, dese obxecto referencial, para o cal a autora catalá conclúe que só atopou simulacros, distorsións ou baleiros. A súa visita á Casa-Museo aparece descrita cun vocabulario suspicaz ou cauteloso. «O mar non se ve desde La Matanza» (1996: 146), di, ou «Cómpre ter moita imaxinación para crer que este é o marco onde se consumiu a poetisa entre as poutadas do cancro e o abandono da parte poderosa da sociedade galega» (147). Un relato máis recente e positivo é o fornecido por Ángeles Caso no seu libro *La casa de los poetas muertos* (2011). Aquí a xornalista declárase engaiolada pola fermosura do lugar e a forza do mito que recrea, dende o xardín ao cuarto de Rosalía, «Una mujer que», di, «personifica el alma gallega» (2011: 127). De xeito interesante, Caso describe a Sala das Ofrendas como «una mezcla un tanto kitsch —y al mismo tiempo emocionante— de cosas que los gallegos dispersos por el mundo envían desde cualquier rincón» (131). Trátase, por tanto, dunha percepción que, participando do discurso mitificador, se atopa agradablemente coa finalidade do relato museístico, isto é, a de recrear unha experiencia máis

emotiva que histórica: ou, volvendo ao xogo de palabras do título deste artigo, a opción de recrear antes a unha «Rosalía da casa» que «a casa de Rosalía».

Para concluír, quixera demorar un pouco nunha lectura histórica máis pormenorizada dun dos lugares comúns máis recorrentes xerados arredor da Casa-Museo: aquel que remite á idea de que «a Casa de Rosalía é de todos». Dende as palabras do primeiro presidente do Patronato que puido falar da Casa-Museo como dunha realidade en 1972, ata as palabras mesmas do actual presidente da Fundación nunha recente entrevista (Angueira 2013: 25), a afirmación de que a Casa de Rosalía é de todos adquiriu un valor tan inclusivo como fráxil, circunstancia que se fixo patente logo da emisión da Mensaxe de Fin de Ano de Núñez Feijóo, e as numerosas reaccións en contra de que este sexa un espazo de cuxo capital simbólico poida participar tamén o presidente dun goberno autonómico que actuou de xeito manifestamente destrutivo co patrimonio cultural e lingüístico galego. No que resta deste artigo, afondarei no diferente contido e resonancia histórica que pode adquirir a idea repetida de que a Casa de Rosalía é de todos, se volvemos ao dato da subscrición popular que efectivamente fixo posible a transformación en Casa-Museo entre 1970 e 1971.

Como dixen anteriormente, a subscrición popular a través da cal se recadaron arredor de un millón e medio de pesetas para a restauración da casa tivo a súa orixe nunha proclama pública feita por Rey de Viana na cerimonia de entrega do Pedrón de Ouro a Victoria Armesto o 25 de maio de 1970. En concreto, a iniciativa de Rey de Viana, que el describe nunha carta a *La Voz de Galicia* o 26 de setembro de 1970 como «provocada por un grito de rebeldía que salíu de mi boca» (Rey de Viana 1970: 8), pedía na súa formulación orixinal que idealmente cada galego doase un peso. O que aconteceu a seguir deste pronunciamento, que foi recollido na crónica de *La Voz* o día 26 de maio, foi que un representante do xornal presente na cerimonia anunciase, entendemos que espontaneamente, que o importe do premio Fernández Latorre para ese ano podería doarse integramente á Casa, e que, ademais, *La Voz* ofrecía as súas delegacións como centros de recollida de recadacións. Ao día seguinte, publicouse unha nota en que se daba conta de que «infinitud de gentes ha manifestado su propósito de contribuir a la realización del proyecto». Proba de que a xente xa comezara a levar recadacións ás delegacións do xornal é o seu consello de que «De momento no es posible recogerlas hasta formalizar oficialmente las gestiones» (*La Voz de Galicia*, 27 maio

1970: 12). Os detalles da subscrición que seguiu durante case un ano e medio amósannos un trazado ben interesante do que era o mapa asociativo e cultural da época, pois foron en moitos casos as diversas agrupacións culturais comarcais (O Facho, a Asociación Cultural de Vigo e a Agrupación Cultural Auriense, entre outras) as que deseguido fixeron doazóns e canalizaron as recadacións a nivel local. Diversas agrupacións profesionais (como o Colexio Farmacéutico, a Escola de Secretarias de Caixas de Aforro ou o grupo de Libreiros d'A Coruña) tamén fixeron doazóns considerables, así como empresas construtoras, talleres, fábricas de peles e curtidos, e o Celta de Vigo. Pódense tamén rastrexar as contribucións individuais, algunhas a modo de libros e non de cartos, de figuras coevas da cultura galega como Pura e Dora Vázquez, Celestino Fernández de la Vega, Benito Varela Jácome, Basilio Losada e Domingo García-Sabell. Cómpre salientar tamén que, conforme ían pasando os meses e se facía patente o poder da visibilidade que ofrecían as listas de doazóns e doadores publicadas en *La Voz*, moitas destas comezaron a funcionar como vehículos de reivindicación política. O 3 de xaneiro de 1971, por exemplo, comunícase unha doazón de 500 pesetas «en memoria de Ánxel Casal». O 26 de marzo de 1971 faise unha doazón de 200 pesetas por parte dos «irmáns de Castela (Rianxo)». Nesta mesma liña, creo que cómpre ler as numerosísimas contribucións anónimas feitas por xente que asinaba individualmente ou en grupo como «un galego» ou «unha galega». Moitos outros viñan de xente labrega e obreira que asinaba cos seus alcumes de familia, amais dos que asinaban directamente, como aparece na nota do 6 de outubro de 1970, como «uns galeguiños probes (200 ptas)».

A subscrición tivo, por tanto, un marcado carácter transversal, no que atinxiu ás diferentes xentes, colectivos e sectores sociais que responderon á chamada a arrimar cartos para a Casa de Rosalía. Porén, os pronunciamentos públicos que se produciron dende o Patronato durante este período e unha vez que se pechou a subscrición pública o 15 de xuño de 1971 non nos levan a concluír que o recoñecemento deste feito tivese tamén un carácter transversal. Poño por caso o primeiro discurso pronunciado polo presidente da segunda xunta de goberno cando tomou posesión do cargo o 2 de novembro de 1970, no cal, logo de propoñer que se unificasen as canles para as doazóns a través de contas bancarias habilitadas para os efectos que logo se habían de dirixir directamente ao Patronato, Sixto Seco refírese ao propio proceso de recadación como arduo «porque sempre foi

difícil recoller froito cando a semente non foi cultivada día a día coa amorosa arela do labrego» ou porque «reconozcámolo humildemente, os galegos —todos os galegos— non sempre estivemos atentos á chamada da terra» (Sixto Seco, en *La Voz de Galicia*, 3 novembro 1970), unha estimación que non se corresponde coa realidade case torrencial dunha subscrición popular a todas luces de éxito. Dun xeito similar, nos discursos pronunciados o día de apertura da casa o 15 de xullo de 1971, perante unha nutrida presenza institucional e militar, as maiores expresións de agradecemento foron para estas, amais de para o arquitecto director das obras, Andrés Fernández-Albalat, e a empresa construtora Rodolfo Lama, que se ofrecera para as obras de mellora de horta e xardín. Hoxe en día, ousaría dicir, o feito de que a apertura da Casa-Museo de Rosalía fose posible grazas, en moi gran parte, á contribución do pobo non forma parte do saber que se promove arredor dela.

En conclusión, vemos aquí como un posible significado histórico da afirmación de que «a Casa de Rosalía é de todos» foi diluído en beneficio dunha retórica do consenso e do intercambio pragmático de capitais —quer simbólicos, quer materiais— á hora de asegurar a viabilidade da Casa e, en paralelo, en beneficio tamén da perpetuación dun mito rosaliano afín a discursos —o da unidade orgánica do sentimento galeguista, o ideal da solidariedade ou mesmo caridade social, ou a necesidade de transcendencia— facilmente importables por causas en aparencia diverxentes. Por iso, se cadra, non debería sorprendere que o equipo de Núñez Feijóo escollese a Casa-Museo de Rosalía de Castro como marco para o presidente emitir unha mensaxe ateigada de lugares baleiros e equívocos. A propia historia oficial da Casa e mais a versión do discurso rosalianista no que fica imbuída están xa participadas destes mesmos xiros. Mais esta historia oficial construíuse ás costas doutra posible, alicerzada polos documentos históricos: a do movemento rosalianista como un espazo para a acción combativa e a reivindicación política e social, no cal os espazos rosalianos como a Casa da Matanza ou o Panteón de San Domingos de Bonaval desempeñaron un papel central. O 25 de maio de 1970, na sección titulada «Orden Público» de *La Voz de Galicia*, aparece unha nova en relación a Xaime Isla Couto, na cal se recollía que este fora condenado a tres meses de arresto maior por un delito de desorde pública. O acto, que os xulgadores entenderon como «de rebelión», consistiu en que: «a la salida de una misa que se celebró en la iglesia de Santo Domingo, de Santiago de Compostela, en

memoria de Rosalía de Castro, el señor Isla profirió determinada frase solicitando la libertad para Galicia, mientras se cantaban diversos himnos» (*La Voz de Galicia*, 25 maio 1970: 9). Poño este exemplo por caso, amais dos xa citados arredor de como as achegas que facía o pobo para a restauración da Casa ían decote en clave de reivindicación política, para dar conta desoutra cara batalladora, autoconsciente e verdadeiramente receptiva a nivel social do rosalianismo, faceta que se lle escatimou ao pobo no momento da inauguración da Casa-Museo e, dende entón, na súa execución museística, nos discursos xerados ao seu redor e nos usos institucionais que se fixeron deste espazo. Non debería sorprender, xa que logo, que entidades como o goberno actual da Xunta non atopasen inconveniente para acaroarse ao aforismo de que a Casa de Rosalía, e por isto Rosalía mesma, é de todos. Mais un entendemento máis literal e menos retórico deste «lugar común», se cadra, llelo tería deixado máis difícil.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ANDERSON, Ruth Mathilda (1939): *Gallegan Provinces of Spain: Pontevedra and La Coruña*, Nova York, Hispanic Society of America.
- ANGUEIRA, Anxo (2013): «Rosalía é o gran capital simbólico da Galiza», *Sermos Galiza* 34, 8 febreiro 2013, 25.
- BALIÑAS, Carlos (1987): *Rosalía de Castro: entre a poesía e a política*, Padrón, Patronato Rosalía de Castro.
- CASO, Ángeles (2011): *Las casas de los poetas muertos*, Madrid, Imagine Editores.
- DOURADO DEIRA, Manuel (2009): *A mestresa da Casa-Museo: Unha Rosalía rediviva*, A Coruña, Deputación Provincial.
- EUBENSEI (1995): «Xénese do patronato rosalián», en X. A. Liñares Giraut (ed.), *Arredor do centenario de Rosalía 1985*, Padrón, Patronato Rosalía de Castro, 79-82.
- FILGUEIRA VALVERDE, Xosé (1974): *Con Rosalía de Castro no seu fogar*, Padrón, Patronato Rosalía de Castro.
- GIMFERRER, Pere (1984): *Dietario*, Barcelona, Seix Barral.
- GRUPO DE INVESTIGACIÓN «LA TRIBUNA» (2011): «La trágica muerte de Joaquina Mosquera Ribera, abuela de Doña Emilia. Un secreto familiar desvelado», *La Tribuna: Cadernos de Estudos da Casa-Museo Emilia-Pardo Bazán*, 8, 15-56.
- LA VOZ DE GALICIA (1970): «Isla Couto condenado a tres meses de arresto mayor», *La Voz de Galicia*, 25 maio 1970, 9.
- LA VOZ DE GALICIA (1970): «Casa de Rosalía», *La Voz de Galicia*, 27 maio 1970, 12.
- LA VOZ DE GALICIA (1970): «Casa de Rosalía», *La Voz de Galicia*, 31 maio 1970, 5.
- PÀMIÉS, Teresa (1996): *Rosalía non estaba alí*. [Trad. Andrés Pociña]. Sada (A Coruña), Edicións do Castro.
- POCIÑA, Andrés / Aurora LÓPEZ (1995): *Maruxa Villanueva*, A Coruña, Hércules de Ediciones.
- POCIÑA, Andrés / Aurora LÓPEZ (1999) «Rosalía de Castro e Maruxa Villanueva», *Padrón, Pascoa*, sen paxinar.
- REY LAMA, Gonzalo (1999): *Vinte quilómetros ó sur de Santiago: A Casa-Museo de Rosalía*, Padrón, Fundación Rosalía de Castro.
- REY DE VIANA, José Manuel (1970): «Una Carta de Rey de Viana», *La Voz de Galicia*, 26 setembro 1970, 8.
- ROMPENTE (1979): *Fóra as vosas sucias mans de Manoel Antonio!*, *Boletín*, 1, Vigo, Rompenste Edicións.